2026_CCP_01_000880	ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL CORO INTERPARROQUIAL DE CASTROVERDE	G75858142	CASTROVERDE	ACTUACIÓN MUSICAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÍNIMO A SOLICITAR SON 800€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_000315	APA DEL CPI DE CERVANTES	G27445352	CERVANTES	OBRADOIRO DE TEATRO	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR SON 3.000€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_000763	ASOC CULTURAL A REBOLAXE	G27408830	CERVO	FOLIADA NORDESTÍA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 29 DE MAIO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000262	ASOC CULTURAL CASA DA MUSICA	G27412626	CHANTADA	CONCERTO DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA "QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA AQUELAS ASOCIACIÓNS CULTURAI S QUE TEÑAN NO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DA ANUALIDADE 2026 UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A MESMA ACTIVIDADE"
2026_CCP_01_000772	ASOC DE VECINOS DE SANTIAGO DE ADAI	G27212042	CORGO, O	ACTUACIÓN MUSICAL E MONÓLOGO	DESESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026/CCP_01/000771 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000739	ASOC A GRANDA COLEXIO PUBLICO MUIMENTA-COSPEITO	G27152529	COSPEITO	ACTUACIÓN DE MAXIA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÍNIMO A SOLICITAR SON 800€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN

2026_CCP_01_000732	ASOCIACION CULTURAL E VECIÑAL AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO	G27020981	COSPEITO	CINE, VIAXE CULTURAL, ACTUACIÓN MUSICAL, AGASALLO MAIORES, CARPA DO RIO E ACTIVIDADE INFANTIL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR SON 3.000€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_000060	ALDEA DE SECEDA DO COUREL	G27498450	FOLGOSO DO COUREL	IDENTIFICACIÓN DAS RÚAS DA ALDEA MEDIANTE CARTEIS DE MADEIRA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE.
2026_CCP_01_000426	ASOCIACION MUSICO-CULTURAL RONDALLA LATEXOS	G27316397	FOZ	EQUIPAMENTO TÉCNICO DE SON	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE XA QUE SE CORRESPONDE CUN GASTO DE EQUIPAMENTO.
2026_CCP_01_000711	CLUB BALONCESTO CELTAS DE FOZ	G27137546	FOZ	ZORZA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE.
2026_CCP_01_000754	ASOC CULTURAL E VECIÑAL DE TOIRÁN	G26686634	LÁNCARA	FOLIADA POPULAR	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 04 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000356	ASOC DE VECIÑOS SAN MARTIÑO DE RIO	G27513563	LÁNCARA	MAGOSTO	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON SE EMENDARON TODAS AS DEFICIENCIAS DO REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 04 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000125	ASOC. CULTURAL DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE LABIO	G75823856	LUGO	REFORMA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO LOCAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE XA QUE SE CORRESPONDE CUN GASTO DE INVERSIÓN.
2026_CCP_01_000136	ASOC CULTURAL CANTAR DELAS	G27363514	LUGO		DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026/CCP_01/000095 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000495	ASOC SENATUS LUCUS AUGUSTI	G27442300	LUGO	REPRESENTACIÓNS TEATRAIS	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR SON 3.000€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_001009	ASOC. SOCIOCULTURAL XUNTOS CON CUBA EN CONSTITUCIÓN	G21894324	LUGO	EXPOSICIÓN E ACTO CULTURAL	DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026/CCP_01/000658 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000515	ASOC DE RECREACION HISTORICA E CULTURAL CLAN DE BREOGAN	G27473156	LUGO	ADQUISICIÓN DE PEZAS DE CERÁMICA E OURIVERÍA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE
2026_CCP_01_000543	ASOC DE RECREACION HISTORICA E CULTURAL CLAN DE BREOGAN	G27473156	LUGO	MELLORAS E REPARACIÓNS DO CAMPAMENTO E DAS SÚAS PEZAS, TALLER DE OLERÍA	DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026/CCP_01/000515 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000995	ASOC XUVENIL XOVE ORQUESTRA DE LUGO	G56374432	LUGO	CONCERTO EN SOBRADO DOS MONXES	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, A DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE FOI PRESENTADA FORA DE PRAZO.
2026_CCP_01_000716	ASC CULTURAL O CASTAÑAZO	G27367135	LUGO	OUTONO CULTURAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA "QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA AQUELAS ASOCIACIÓNS CULTURAIAS QUE TEÑAN NO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DA ANUALIDADE 2026 UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A MESMA ACTIVIDADE"

2026_CCP_01_000602	PERSONAS SORDAS DE LUGO	G27021187	LUGO	VIAXE CULTURAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÍNIMO A SOLICITAR SON 800€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_000691	AGULLA MAXICA	G27423367	LUGO	TALLER DE MIYUKI	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE
2026_CCP_01_000865	ASOC VESTALES DE LUCUS AUGUSTI	G27463033	LUGO	ASISTENCIA A ACTOS DE RECREACIÓN HISTÓRICA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 05 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000748	ASOCIACION DE VECIÑOS DE GULLADE-MONFORTE	G27127638	MONFORTE	ENCONTRO MULTIXERACIONAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON ATENDE A TOTALIDADE DO REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 09 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000307	ASOC. ECOS DA RIBEIRA	G75758037	MONFORTE	FESTIVAL ECOS DA RIBEIRA	DESESTIMADA SEGUNDO O PUNTO 5 DAS BASES DA CONVOCATORIA: AS SUBVENCIONS PROVINCIAIS SERÁN INCOMPATIBLES CON OUTRAS SUBVENCIONS, AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS PARA A MESMA FINALIDADE (...) AGÁS QUE A CANTIDADE SUBVENCIONADA MÁIS OS FONDOS PROPIOS NON ALCANCE O ORZAMENTO MÁXIMO DA ACTIVIDADE.
2026_CCP_01_000090	ASOC. GRUPO COMPOSTELA	G26867838	MONFORTE	CAMISETAS, PAÑOLETAS E EMISORAS	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE
2026_CCP_01_000498	ASOC CULTURAL OS XOGRARES DE LEMOS	G27450980	MONFORTE	ATURUXANDO EN LEMOS	DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026_PES_03_006050 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000868	ASOC CULTURAL DE VECIÑOS DE LIGONDE	G27402635	MONTERROSO	EQUIPAMENTO DE CLIMATIZACIÓN	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE XA QUE SE CORRESPONDE CUN GASTO DE EQUIPAMENTO. DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026_CCP_01_000853 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000521	ATILA AMIGOS DOS CABALOS DE MURAS	G27365867	MURAS	RUTA CABALAR	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE
2026_CCP_01_000419	ASOCIACION CULTURAL DEIQUI	G75748962	NAVIA DE SUARNA	CHARLA COLOQUIO DIVERSIDADE AFECTIVO SEXUAL DE XÉNERO NA MÚSICA TRADICIONAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES DA CONVOCATORIA, CONSTITUE O OBXECTO DESTA CONVOCATORIA (...) A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NA ANUALIDADE 2026, SENDO O SEU OBXECTIVO A PROMOCIÓN E MAILA DINAMIZACIÓN CULTURAL (PROMOCIÓN DA HISTORIA, DA MÚSICA, DAS TRADICIONS DE GALICIA E O USO DO IDIOMA GALEGO) E ADEMÁIS, SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA: QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA OS GASTOS PARA ACTIVIDADES DE TERAPIA OCUPACIONAL, FAMILIAR E DE BENESTAR SOCIAL
2026_PES_03_006389	ASOC CULTURAL RECREATIVA E DEPORTIVA ATURUXEIROS DE BRAVOS	G27453059	OUROL	ACTUACIONS CULTURAIS	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON SE EMENDARON TODAS AS DEFICIENCIAS DO REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 12 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000990	ASOC.VECIÑAL STA.MARTA DE SAN XOAN DE SILVARREI	G27261122	OUTEIRO DE REI	VIAXE CULTURAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 12 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000991	ASOC.VECIÑAL STA.MARTA DE SAN XOAN DE SILVARREI	G27261122	OUTEIRO DE REI	XIMNASIA DE MANTEMENTO	DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026/CCP_01/000990 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)

2026_PES_03_006435	ASOC.VECIÑAL STA.MARTA DE SAN XOAN DE SILVARREI	G27261122	OUTEIRO DE REI	VIAXE CULTURAL	DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026/CCP_01/000990 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000782	PALACIO DO REY	G27264563	PALAS DE REI	ADQUISICIÓN DE MATERIAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE XA QUE SE CORRESPONDE CUN GASTO DE EQUIPAMENTO. E DUPLICADA CON EXPTE 2026_CCP_01_000780 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000858	ASOC DE VECINOS SANTO CRISTO DE LAS PARROQUIAS DE SAN FIZ DE CANGAS Y SAN JULIAN DE SERODE	G27147123	PANTÓN	XORNADAS DE DIFUSIÓN DA CULTURA E PROMOCIÓN DA PARROQUIA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 11 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000731	ASOC. VECIÑAL DE RIVAS DE MIÑO	G27420264	PÁRAMO, O	PINTURA IMPERMEABLE FACHADA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE XA QUE SE CORRESPONDE CUN GASTO DE INVERSIÓN
2026_CCP_01_000593	ASOC ANPA CEIP O SALVADOR	G27475532	PASTORIZA, A	OBRAIDROIS DE CERÁMICA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE
2026_CCP_01_000215	ASOC DE MULLERES RURAIS PORTA NORTE	G27246727	RIBADEO	VIAXE CULTURAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR SON 3.000€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_000464	ASOC XUVENIL A MARIÑA BATTLES	G27511898	RIBADEO	MERCADO DO XARA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE
2026_CCP_01_000570	AGRUPACIÓN CULTURAL FRANCISCO LANZA	G27022862	RIBADEO	ACTIVIDADES CULTURAIS	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 17 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_PES_03_005788	ASOC VECIÑAL DE SANTALLA	G24785107	RIBEIRA DE PIQUÍN, A	XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÍNIMO A SOLICITAR SON 800€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_000259	ASOC DE VECIÑOS VILAR DE SANTIAGO	G27495829	RIORTORTO	EQUIPAMENTO E MELLORAS DO LOCAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE XA QUE SE CORRESPONDE CUN GASTO DE EQUIPAMENTO E DE INVERSIÓN
2026_CCP_01_000885	CLUB ESMOQUIN ESCAIRON	G27419191	SAVIÑAO, O	FESTIVAL MÚSICA DA RÚA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 09 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000902	ASOC VECIÑOS DE SANTA MARIA DE PIÑEIRA	G72847098	TABOADA	REPARACIÓN DE VENTÁS E PORTAS	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DO GASTO NON É SUBVENCIONABLE XA QUE SE CORRESPONDE CUN GASTO DE EQUIPAMENTO
2026_CCP_01_000903	ASOC VECIÑOS DE SANTA MARIA DE PIÑEIRA	G72847098	TABOADA	EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL	DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026/CCP_01/000902 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE)
2026_CCP_01_000989	ANPA ESCOLA INFANTIL VALADOURO	G56694094	VALADOURO, O	COÑECENDO O QUE É NOSO	DESTIMADA: DUPLICADA CON EXPTE 2026/CCP_01/000696 (DE ACORDO AO PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE). DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, A DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE FOI PRESENTADA FORA DE PRAZO.

2026_CCP_01_000664	ASOC DE SENDERISMO PASO MIUDO. O VALADOURO NUM REX-2008-012458-1º(LU)	G27386481	VALADOURO, O	VIAXE CULTURAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÍNIMO A SOLICITAR SON 800€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_000401	ASOC DEPORTIVA CULTURAL SERRA DO XISTRAL EN CONSTITUCION	G21706668	VALADOURO, O	ENVÓLVETE NA SERRA DO XISTRAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÍNIMO A SOLICITAR SON 800€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_PES_03_005516	ASOC CULTURAL DE ANDRADE	G27347624	VILALBA	CLASES DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR SON 3.000€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_PES_03_005520	ASOC CULTURAL EN MOVEMENTO	G27483577	VILALBA	CLASE DE BAILE MODERNO	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 7 DAS BASES DA CONVOCATORIA, O IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR SON 3.000€, POLO QUE A SOLICITUDE PRESENTADA NON CUMPRE COS CRITERIOS ESTABLECIDOS NAS BASES PARA A CONCESIÓN
2026_CCP_01_000939	CENTRO CULTURAL RECREATIVO EN VILLALBA	V27014745	VILALBA	EVENTOS CULTURAIS E MUSICAIS	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, A DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE FOI PRESENTADA FORA DE PRAZO.
2026_CCP_01_000855	ASOC COLECTIVO PENSAMENTO E SEMENTEIRA	G27457019	VIVEIRO	FOLIADA, ROTEIROS E XIRA	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 29 DE MAIO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE
2026_CCP_01_000265	AMURAXE	G27212281	XERMADE	FESTA ANIVERSARIO	DESESTIMADA: SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA, NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO NOTIFICADO O DÍA 02 DE XUÑO 2026 PARA A SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE

DESESTIMENTO DA SOLICITUDE POR PARTE DO SOLICITANTE

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	CONCELLO	ACTIVIDADE	DATA PRESENTACIÓN DO DESESTIMENTO
2026_CCP_01_000264	ANPA IES ILLA DE SARON	G75308163	XORNADA CONVIVENCIA CULTURAL	XOVE	O DÍA 09 DE XUÑO DE 2026 A ENTIDADE SOLICITANTE DESISTE DA SOLICITUDE PRESENTADA

De acordo co punto 10, *Acordos de resolución e comunicación/notificacións Acordo de resolución provisional*, das bases da convocatoria, procédese á notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados poidan presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>.

Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal> do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá ningún recurso en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos .

Lugo, 10 de xullo de 2026.- A presidenta, P.D. de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA ALGUACIL-OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS, FUNCIONARIO INTERINO, E ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CANDIDATOS/AS PARA NOMEAMENTOS DE ALGUACIL-OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS INTERINOS POR CONCURSO OPOSICION.

O Concello de Baleira, aprobou por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de xullo do 2026, a convocatoria e as bases para a provisión do seguinte posto de traballo:

UN POSTO DE ALGUACIL-OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS, FUNCIONARIO INTERINO, E ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CANDIDATOS/AS PARA NOMEAMENTOS DE ALGUACIL-OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS INTERINOS POR CONCURSO OPOSICION.

De seguido publícanse as bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xullo do 2026.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/HA ALGUACIL-OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS, FUNCIONARIO INTERINO, E ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CANDIDATOS/AS PARA NOMEAMENTOS DE ALGUACIL-OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS INTERINOS POR CONCURSO OPOSICION.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección polo procedemento de concurso-oposición do posto de traballo *de Alguacil-Operario de servizos varios interino/a*, incluído na vixente Relación de postos de traballo do Concello de Baleira, aprobada pola corporación en Pleno en data 29/10/2025, para a cobertura do citado posto, e a creación dunha bolsa de emprego de candidatos/as para nomeamentos de Alguacil-Operario de servizos varios interino/a consonte principalmente ás disposicións contidas nos seguintes textos normativos:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.

O citado posto de traballo está encadrado na Escala de Administración Especial, pertencente ao grupo AP, Agrupación Profesional, coas seguintes funcións segundo a citada Relación de postos de traballo:

Realizar múltiples tarefas de mantemento, reparación, conservación e acondicionamento de espazos, infraestruturas e vías públicas municipais, propias da súa cualificación profesional, no marco das competencias asumidas pola unidade.

Mantemento da rede de abastecemento de auga (cloración, lectura contadores, etc).

Realización de reparacións en alumeados públicos propias da súa cualificación profesional (avarias, cambio lámpadas, etc).

Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade, e que entren dentro da súa capacitación profesional.

Control e coidado dos materiais, ferramentas e maquinaria que permanezan baixo a súa responsabilidade.

Realizar traslados de convocatorias, notificacións e outro tipo de avisos ou comunicados formais emitidos pola entidade municipal.

Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Observacións : Especial dispoñibilidade e dedicación.

SEGUNDA.- Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición en consideración ás específicas funcións e contido práctico do posto a cubrir.

TERCEIRA.- Requisitos dos/das aspirantes.

Para ser admitidos neste proceso selectivo será necesario:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles outros estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do posto.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- e) Ter certificado de estudos primarios ou equivalente.
- f) Ter o Celga 2, curso de iniciación da lingua galega ou superar con resultado de APTO a proba de coñecemento da lingua galega que se indica na base quinta da convocatoria.
- g) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e conservaranse, cando menos, ata a data de nomeamento.

CUARTA.- Solicitudes.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria xunto coas súas bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo. Anuncio que será publicado igualmente, tamén xunto coas Bases desta convocatoria, na sede electrónica do Concello de Baleira <https://concellobaleira.sedelectronica.gal> e no taboleiro de edictos do concello.

As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16-4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida ao Alcalde do Concello de Baleira, na que fará constar que reúnen tódolos requisitos sinalados na base terceira anterior, e á que deberán unir os documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

Xunto coa solicitude achegarán:

- DNI en vigor ou documento equivalente en caso de nacionais doutros países.
- Relación dos méritos que aleguen e xustificación documental dos mesmos para a súa valoración.

Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que se presenten.

Cando existan dúbidas derivadas da documentación presentada o Tribunal ou órgano competente do Concello poderá solicitar o cotexo da documentación aportada polo interesado/a para o que poderán requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/excluídos que será publicada no taboleiro de edictos deste Concello e na sede electrónica do Concello: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal>, concedéndose un prazo de tres días para reclamacións.

Ditas reclamacións, se as houbera, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Esta resolución igualmente se publicará nos Taboleiros de Edictos e na sede electrónica do Concello. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarase directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Neste anuncio de aprobación da lista provisional ou definitiva, si é o caso, de admitidos/excluídos indícarase o lugar, día e hora no que terá lugar a celebración do exercicio da fase de oposición, cunha antelación mínima de sete (7) días hábiles.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento. Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

QUINTA.- Desenvolvemento do concurso-oposición.

O proceso selectivo constará de dúas fases: fase de oposición e fase de concurso. A fase de oposición será previa á de concurso e será eliminatória, de xeito que na fase de concurso só se valorarán os méritos dos aspirantes que superen a fase de oposición.

FASE DE CONCURSO

A fase de concurso será posterior á de oposición e non terá carácter eliminatorio, nin poderá terse en conta para superar a proba da fase de oposición. A puntuación máxima da fase de concurso son seis (6) puntos.

Os aspirantes achegarán conxuntamente coa solicitude para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos que se valorarán nesta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, que non superará os 6 puntos, serán os seguintes:

1.- Experiencia laboral:

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de Alguacil-Operario de obras e servizos da administración local: 0,05 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de Alguacil-Operario de obras e servizos noutras administracións públicas distintas da local: 0,03 puntos.

Non se valorarán períodos inferiores ó mes.

Estes méritos acreditaranse mediante as correspondentes certificacións das Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A puntuación máxima por experiencia laboral será de 4 puntos.

2.- Formación:

Por estar en posesión de titulacións de Formación Profesional de Grao Medio e/ou Grado Superior, pertencentes ás familias profesionais de enerxía , auga e electricidade conforme ó Catálogo Oficial de Títulos de Formación Profesional.

Por cada titulación de Formación Profesional de Grado Medio: 0,50 puntos.

Por cada titulación de Formación Profesional de Grado Superior: 1 punto.

Pola realización de cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios ou xornadas relacionados directamente co posto de traballo impartidos ou financiados polas Administracións Públicas ou por entes dependentes das mesmas, Universidades, sindicatos ou colexios profesionais, por cada un deles:

De duración ata 10 horas: non se valoran.

De duración de 11 a 50 horas: 0,10 puntos

De duración de 51 a 90 horas: 0,20 puntos

De duración de 91 a 150 horas: 0,30 puntos

De duración de 151 horas en diante: 0,40 puntos

A puntuación máxima por formación será de 2 puntos.

Os diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos, seminarios ou xornadas deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñerase nos taboleiros de anuncios municipais e na sede electrónica do Concello. Durante o prazo de tres días hábiles contados a partir da publicación de tal anuncio, polos interesados se poderán presentar as alegacións que estimen pertinentes ás puntuacións outorgadas que serán resoltas polo tribunal cualificador. Pasarán a ser definitivas as puntuacións publicadas se non se presentaren alegacións sobre o particular.

FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Primeiro exercicio: Este exercicio consistirá en contestar por escrito no tempo máximo dunha hora un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas mais catro (4) de reserva con catro respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta. Ditas preguntas versarán sobre o temario que figura no ANEXO.TEMARIO destas bases, e formularanse polo Tribunal cualificador.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais e regulamentarias vixentes na data de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo destas bases.

A puntuación máxima deste exercicio será de 10 puntos, valorándose con 0,25 puntos cada unha das preguntas contestadas correctamente. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

O Tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para garantir o anonimato dos aspirantes na realización e corrección do exercicio.

Para a realización deste exercicio será requisito que os aspirantes concorran provistos de bolígrafo azul ou negro e documento nacional de identidade, pasaporte, permiso de condución ou documento de identificación persoal oficial (no caso de non posuír a nacionalidade española) en vigor que acredite de forma indubitada a súa identidade.

Segundo exercicio: Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada cas funcións propias do posto de traballo e co contido do temario que figura no ANEXO.TEMARIO destas bases. A proba será cualificada como "Apto" ou "Non apto", sendo necesario obterem a cualificación de "Apto" para superala.

Os/As aspirantes serán convocados para os exercicios nun único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e discrecionalmente apreciados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas da ausencia formularanse e, no seu caso, presentaranse dentro das 24 horas seguintes á celebración deste exercicio.

Rematado o exercicio da fase de oposición e unha vez cualificado, o Tribunal cualificador fará pública no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Baleira a relación dos aspirantes coa puntuación outorgada .

Durante o prazo de tres (3) días hábiles seguintes a esta publicación poderán formularse polos interesados alegacións, que se presentarán por escrito en calquera dos lugares habilitados pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, para a presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo de alegacións, o Tribunal cualificador resolverá estas e publicará as puntuacións definitivas. No caso de que no prazo sinalado non se presentaran alegacións entenderase definitiva a primeira publicación realizada.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: Os aspirantes que non acreditasen estar en posesión do Celga 2 ou equivalente, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, proposta polo tribunal, dirixida a comprobar que comprenden, falan ou escriben o galego, cualificándose este exercicio como apto ou non apto.

SEXTA.- Cualificación do concurso-oposición.

O exercicio da fase de oposición será cualificado ata un máximo de 10 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos.

A cualificación final do concurso-oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición.

No caso de producirse empate na puntuación final do proceso selectivo entre varios/as aspirantes, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate acudirase á puntuación obtida na fase de concurso no apartado de valoración da experiencia laboral. Así mesmo, de persistir o empate acudirase á puntuación obtida na fase de concurso polo apartado de valoración da formación e se sigue persistindo o empate a orde establecerase por sorteo.

SETIMA.- Tribunal cualificador.

Con arranxo aos principios de imparcialidade e profesionalidade e de conformidade cos artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 e 59 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, o Tribunal estará constituído por 5 membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo das Administracións Públicas, que deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo.

O tribunal estará constituído por un presidente/a, un secretario/a e catro vocais e a designación nominal dos mesmos e dos seus suplentes realizarase a través da resolución municipal que aprobe a lista provisional de admitidos/excluídos a este proceso selectivo e será publicada ca mesma.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do tribunal están suxeitos ó disposto no artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre causas de abstención e recusación, e aos dereitos por indemnización por asistencia, do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

OITAVA.- Aspirante proposto para o nomeamento.

Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal publicará no taboleiro de edictos municipais e na sede electrónica do Concello de Baleira: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal> a designación do aspirante proposto para o nomeamento. Dado que en ningún caso o número de aspirantes propostos pode exceder o número de prazas convocadas, a relación definitiva de aspirantes propostos para o nomeamento se confeccionará co aspirante que obteña a maior puntuación.

O Tribunal elevará a citada relación ao órgano competente para o nomeamento correspondente.

NOVENA.- Relación de candidatos para nomeamentos de Alguacil-Operario de obras e servizos interinos.

A lista coa totalidade dos admitidos ao concurso-oposición que aprobaran a fase de oposición e coa puntuación acordada no conxunto do concurso-oposición, quedará para poder ser utilizada para nomeamentos de Alguacil-Operario de obras e servizos interinos.

Esta relación confeccionada por orde de puntuación de maior a menor publicárase na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios municipal e na sede electrónica do Concello, podendo ser utilizada, respectando sempre a orde de puntuación, ata que se confeccione unha nova lista, tendo en todo caso unha duración máxima de dous anos contados a partir da publicación da mesma na páxina web municipal.

No caso de empate na puntuación final estarase ao establecido na base sexta das presentes bases.

É condición inescusable para a pertenza á devandita lista o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base terceira das presentes bases.

Os que formen parte da mesma poderán ser chamados para cando se dean calquera das circunstancias que recolle o artigo 10.1 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015.

Nese caso elaborárase o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento dos supostos expostos no parágrafo anterior así como a existencia de crédito orzamentario, procedéndose ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese no prazo máximo improrrogable de un día hábil dende o chamamento, e por escrito, se se tratase de renuncia ao posto ofertado, transcorrido o cal entenderase que renunciou e pasarase ao chamamento do seguinte da lista. Os chamamentos realizaranse mediante anuncio da oferta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Baleira e por vía telefónica, realizándose tres chamadas entre as 9:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de hora e media, do que deberá quedar constancia no expediente mediante dilixencia emitida polo funcionario que realice os chamamentos.

Simultaneamente á chamada telefónica enviarase un correo electrónico ao candidato do que quedará constancia no expediente.

Os integrantes da relación serán responsables de manter actualizados os seus datos de contacto, comunicando calquera cambio de correo electrónico e/ou teléfono dos facilitados na solicitude.

Cando un dos aspirantes incluídos na relación fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de servizo recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para un novo nomeamento.

Cando un dos aspirantes non acepte un chamamento, pasará ao último lugar da relación de candidatos e unicamente volverá a ser chamado cando fosen chamados tódolos restantes aspirantes da relación, salvo que nese momento poida acreditar que se atopa de baixa médica, embarazo, descanso por nacemento e coidado de menor, enfermidade grave dun familiar ata o segundo grado ou que se atope traballando, onde poderá manter o seu posto na lista, previa xustificación documental da circunstancia na que se atopa.

O aspirante chamado para o servizo deberá presentar os documentos que se relacionan na base seguinte, e co réxime nela establecido, no prazo de 3 días contados a partir do chamamento.

DÉCIMA.- Presentación documentos.

No prazo de 3 días, contados dende o día seguinte ao da publicación da designación do aspirante proposto nos taboleiros de edictos municipais, este deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os documentos que seguidamente se relacionan:

- a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade en vigor, que se deberá presentar co orixinal para compulsar.
- b) Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- d) Certificación oficial acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes tarefas ou funcións.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Os que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incorrer por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso

selectivo. Neste caso, igual que para a renuncia, será proposto para o seu nomeamento o seguinte aspirante por estrita orde de puntuación da lista de candidatos para nomeamentos interinos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Nomeamento e toma de posesión.

O/A aspirante proposto que presente a documentación preceptiva será nomeado funcionario interino polo Presidente da Corporación ou, no seu caso, o Concelleiro delegado e deberá tomar posesión no prazo de tres días contados dende o día seguinte ó que se lle notifique o citado nomeamento.

Quedarán en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixera dentro do prazo sinalado.

A relación de servizo cesará polas causas referidas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, en todo caso, transcorridos tres anos dende o nomeamento como funcionario interino se producirá o fin da relación de interinidade de conformidade co disposto no mencionado artigo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Incidencias.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

DÉCIMO TERCEIRA.- Impugnación.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

ANEXO. TEMARIO

1. A Constitución Española. Principios constitucionais. Dereitos e deberes fundamentais.
2. A organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas: organización e competencias.
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Principios básicos.
4. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal de Baleira. A poboación municipal. Servizos, instalacións e espazos públicos do Concello de Baleira.
5. Os órganos de goberno municipal. O Alcalde. O Pleno. A Xunta de Goberno Local e os Tenentes Alcaldes. Órganos complementarios.
6. Protección de Datos de Carácter Personal. Principios da protección de datos. Dereitos das personas. Responsable e encargado do tratamento. Infraccións e Sancións.
7. Prevención de Riscos Laborais: Definicións. Ámbito de aplicación. Política en materia de prevención de riscos para protexer a seguridade e a saúde no traballo. Dereitos e obrigacións. Responsabilidades e sancións.
8. Materiais, útiles e ferramentas utilizados no cuidado e mantemento de edificios e instalacións municipais. Descrición de ferramentas de traballo. Usos e riscos. (Electricidade, Fontanería, Albañilería, Carpintería metálica e de madeira, pintura e outros oficios relacionados coa área de Obras e Servizos).
9. Redes de abastecemento de auga. Definición. Fases do abastecemento de auga. Elementos da rede de abastecemento. Mantemento da rede. Averías máis comúns. Cloración da auga. Mantemento preventivo e correctivo.
10. Regulamento do servizo municipal de auga e alcantarillado. Tipos e xeneralidades sobre os equipos de tratamento da auga. O PH da auga. Lectura de contadores. Tratamentos de fontes e piscinas.
11. Regulamento electrotécnico para baixa tensión. Reparación de instalacións de baixa tensión. Reparación de máquinas e equipos eléctricos. Localización e análise de avarías en instalacións de baixa tensión.
12. Materiais, útiles e ferramentas necesarios para os servizos de mantemento das redes municipais de abastecemento de augas, e redes eléctricas municipais. Maquinaria para utilizar. Tipos e características.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE ALGUACIL-OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS, FUNCIONARIO INTERINO, E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CANDIDATOS/AS PARA NOMEAMENTOS DE ALGUACIL-OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS INTERINOS.

DATOS DO SOLICITANTE

D. (nome e apelidos)
co Documento (DNI ou outros admitidos), domicilio a efectos de notificacións en
..... ,
número de teléfono e correo electrónico

DATOS DO REPRESENTANTE (neste caso presentarase documentación fidedigna que acredite a representación).

D. (nome e apelidos)
co Documento (DNI ou outros admitidos), domicilio a efectos de notificacións en
..... ,
número de teléfono e correo electrónico

SOLICITO:

Participar no proceso selectivo tramitado polo Concello de Baleira para a selección dun/ha Alguacil-Operario de servizos varios, funcionario interino/a mediante concurso-oposición e creación dunha bolsa de emprego de candidatos para nomeamentos, segundo bases e convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Taboleiro de Edictos e sede electrónica do concello de Baleira .

Ós indicados efectos, DECLARO:

- 1º.- Que coñezo e acepto as bases reguladoras da convocatoria e os datos consignados na solicitude son certos e veraces.
2º.- Que reuno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes e dispoño da documentación que o acredita.
3º.- Que non fun separado do servizo por ningunha Administración Pública por expediente disciplinario firme nin fun inhabilitado ou suspendido para o exercicio de función públicas comprometéndome a manter o cumprimento das anteditas obrigas ó longo de todo o procedemento.

En Baleira, do 2026.

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BALEIRA, LUGO.

O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Baleira, con domicilio en Avda. Doctor Escobar, s/n, Baleira, Lugo. Os datos falicitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos de titularidade do Concello de Baleira para o exercicio das funcións e competencias do propio concello segundo lexislación vixente. A base legal para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha obrigaón legal regulada na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, en el R.D.L. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os interesados poderán exercer os dereitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, de 05 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona o Concello, no Rexistro Xeral do Concello de Baleira situado na avda Doctor Escobar s/n de O Cádavo, CP 27130, Baleira (provincia de Lugo).

Baleira, 8 de xullo de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1854

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de maio de 2026 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 6.035,94 € e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 811€.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 3 de xullo de 2026.- O alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 1832

O CORGO

Anuncio

O Sr. Alcalde, o día 6 de xullo de 2026, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS para participar no procedemento selectivo para cubrir, por promoción interna, mediante concurso-oposición, unha praza de ADMINISTRATIVO-XEFE DE SECCIÓN DE CONTABILIDADE. Do mesmo xeito, nomeou-se o tribunal cualificador e a data da súa constitución.

De conformidade co establecido nas bases, faise pública a lista definitiva, a composición do tribunal e a data de realización dos exercicios.

- LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:

NOME	DNI	EXAME GALEGO
VILA ABUÍN, CONSTANTINO	**3290***	EXENTO

Excluídos: non hai

- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL:

PRESIDENTE: Mónica Giménez López, letrada da Excmá Deputación Provincial de Lugo

SECRETARIO: Marco Antonio García-Gabilán Sangil, Secretario-Interventor do Concello do Corgo

VOGAL: Jesús Morado López, Técnico de Administración Xeral do Concello de Friol

VOGAL: Severiano Daniel Vázquez Prado, Administración Xeral do Concello de Becerreá

VOGAL: Carolina Isabel Fernández Lago, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

SUPLENTES: Ana J. Fernández Reija, funcionaria do Concello do Corgo.

Data da constitución: 6 de xullo de 2026

- DATAS, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN DOS EXERCICIOS:

- 1º exercicio: día 17 de xullo de 2026 ás 09:00 horas no Centro Sociocultural do Corgo.
- 2º exercicio: día 17 de xullo de 2026 unha vez finalizado o primeiro exercicio, ao tratarse de un único candidato, no Centro Sociocultural do Corgo.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar das súa participación no procedemento.

O Corgo, 6 de xullo de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1833

COSPEITO

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN DE 5 PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DURANTE 4 MESES, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, CON CARGO AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2026 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de 5 peóns de servizos múltiples, en réxime de funcionario interino, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo de 4 meses (artigo 10.1.d TRLEBEP) e creación dunha bolsa de emprego, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, dentro do programa - Programa de Reforzo do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social.

A presente convocatoria e bases será publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Deputación de Lugo e na web e sede electrónica do Concello de Cospeito.

Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica municipal.

2.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Os postos estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

3.- FUNCIONES.

- Os postos están vinculados a área de traballos de Servizos múltiples do concello de Cospeito, e adscritos ó funcionamento e mantemento de tódalas instalacións de propiedade municipal e en especial vías públicas, parques e xardíns, redes de auga e alcantarillado, mobiliario urbano, de que é titular o Concello, así como as tarefas de

limpeza, xestión de biomasa, mantemento de faixas secundarias e xestión xeral de servizos múltiples para garantir a seguridade de bens e persoas.

- Calquer outro cometido que seña encargado pola Alcaldía de natureza semellante as funcións anteriormente relacionadas que puideran xurdir no servizo polo que deberá estar preparado para calquera urxencia e localizable por medio de teléfono móbil para responder a calquera incidencia que se produza no mesmo.

A xornada laboral poderá coincidir en domingo e festivo.

A Corporación reservase a facultade de establecer no horario as modificacións que se consideren oportunas para o mellor desempeño do servizo, según as necesidades que xurdan, respetando as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descansos.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
2. Ser desempleado/a ou estar en situación de mellora de emprego (requisito específico esixido polo programa de reforzo do emprego da Deputación de Lugo que financia as contratacións). Esta situación deberá acreditarse mediante Certificación expedida polo Servicio Público de Emprego na que acredite que é demandante de emprego ou que esta en situación de mellora de emprego. Dita situación deberá manterse ata o momento da sinatura do contrato laboral ou nomeamento interino
3. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
4. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
5. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
6. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
7. Estar en posesión da titulación de certificado de estudos primarios.
8. Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

9. Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no Anexo I das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con discapacidades deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Fotocopia acreditativa da titulación académica esixida na convocatoria, neste caso, estudos primarios.
- Documentación acreditativa de atoparse na situación de desemprego ou de mellora de emprego
- Fotocopia do título de Celga 2 ou titulación equivalente.
- Fotocopia do carnet de conducir tipo B.

6.- ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

8.- PROCESO SELECTIVO

A selección efectuarase mediante o sistema de oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

Puntuación máxima:

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 80 puntos.

Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados na páxina web do Concello de Cospeto e no taboleiro de anuncios.

Criterios de valoración na fase de oposición:

A fase de oposición consistirá na realización dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

- Primeiro exercicio. Práctico

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albañilería, fontanería, manexo dos vehículos municipais, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada cas funcións do posto, durante o tempo que se determine polo Tribunal. Nesta proba valorarase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante e o tempo de realización da proba.

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 80 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 40 para superala.

Ao ter carácter eliminatorio, a non superación desta proba suporá a eliminación do concursante no proceso selectivo.

Publicación dos resultados do exercicio da fase oposición:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición publicaranse na páxina web do Concello de Cospeito

Cualificación final:

A cualificación final virá determinada pola cualificación obtida na proba práctica.

En caso de empate entre as persoas aspirantes tomarase como criterio de desempate un sorteo por parte do Tribunal dos aspirantes que acadaron o empate.

9.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa dalgún/ha profesional destas características (operario de servizos varios) para cubrir o posto no caso de que este quede vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- a) Baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
- b) Baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- c) Vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- d) Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).
- e) Necesidade por motivos de acumulación de tarefas.

No caso de que algunha das circunstancias expostas anteriormente efectivamente suceda, entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.
- b) Embarazo de risco.
- c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.
- d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.
- e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por sí mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de 3 días naturais.

A orde dos aspirantes na bolsa será determinado pola cualificación final obtida no proceso selectivo en orde descendente, non entrando a formar parte da bolsa os que non superasen a proba.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 10 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

A duración desta bolsa será a da duración do nomeamento do concursante seleccionado.

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os/as aspirantes propostos/as presentará no rexistro do Concello, no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación requirida, se o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasar a revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

11.- IMPUGNACIÓN

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo.

ANEXO II

D./dona _____, con D.N.I. n.º _____
con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Cospeito, a _____ de _____ de 2026

Asdo.: _____.

R. 1855

GUITIRIZ*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de **xuño de 2026**, integrado por 21 recibos por importe total de 8161,00 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de **xuño de 2026**, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

Guitiriz, 19 de xuño de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1834

LÁNCARA*Anuncio*

Por decreto de 2 de xullo de 2026 a alcaldía adoptou o seguinte acordo:

“Que me substitúa na totalidade das miñas funcións:

- o primeiro tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón entre os días 4 a 15 de xullo de 2026.

Notifíquesele ao interesado.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP.”

Láncara, 3 de xullo de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1835

LOURENZÁ*Anuncio*

Anuncio de notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por caducidad

Con fecha 11 de junio de 2026 se inicia expediente de baja en el Padrón de habitantes por caducidad, y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio de procedimiento de baja de oficio el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por caducidad de la persona que se relaciona a continuación:

D. Paulina Iftinca, con documento n.º: ***9692*

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2021, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 3 de julio de 2026.- La alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 1836

LUGO

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA EN COMISIÓN DE SERVIZOS DUN POSTO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Vista a providencia do 17 de xuño de 2026, asinada polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura e Educación, de incoación dun expediente de provisión dun posto de traballo no Servizo de Educación do Excmo. Concello de Lugo para a súa cobertura en comisión de servizos polo prazo dun ano prorrogable por outro.

Dáselles coñecemento ás persoas interesadas que cumpran os requisitos sinalados para a provisión para que acheguen a instancia xunto co *curriculum vitae* e un informe favorable da Administración de procedencia a través do Rexistro Xeral ou Electrónico do Concello de Lugo no prazo de 5 días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Nº Postos	Denominación posto	Código	Escala	Subescala	Grupo	OBSERVACIÓNS
1	XEFE/A DE SERVIZO	43/208	A.X/A.E.	TEC.	A1	Aberto a todas as administracións públicas

Os criterios de selección serán os referidos a antigüidade, grao persoal, traballo e postos desempeñados así como a formación e/ou méritos académicos preferiblemente relacionados co posto para desempeñar.

Para a súa difusión e xeral coñecemento, poñerase anuncio no Taboleiro da Sede Electrónica, e remitiráselles o anuncio aos correos corporativos e BOP de Lugo.

Lugo, 8 de xullo de 2026.- A alcaldesa presidenta, D.ª María Elena Candia López.

R. 1856

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria realizada o día 28 de maio de 2026, acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5º da ordenanza fiscal nº 59 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, relativo a bonificación para inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese.

SEGUNDO.- Someter a información pública o referido acordo e o texto da ordenanza reguladora, polo prazo de trinta días, publicando a tal efecto anuncio no B.O.P. e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

TERCEIRO.- No caso de que non se presentaren reclamacións no prazo anterior, o acordo adoptado entenderase definitivamente aprobado.

O que se fai público no cumprimento no disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Mondoñedo, 2 de xullo de 2026.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1837

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 06 de xullo de 2026 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de 01 posto de peón servizos múltiples a xornada completa con cargo o programa de reforzo do emprego 2026 da Excm. Deputación de Lugo e Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

- 1 posto de peón servizos múltiples a xornada completa (duración 6 meses).

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

Monterroso, 6 de xullo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1838

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 02 de xullo de 2026, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2026, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 2 de xullo de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1839

TABOADA

Anuncio

BANDO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR

Don Roi Rigueira Agromartín, alcalde-presidente do Concello de Taboada, fai saber:

Que corresponde ao Pleno do concello elixir as persoas que serán nomeadas xuíz de paz, titular e substituto, deste municipio, conforme ao disposto nos artigos 101 e 102 da Lei orgánica do poder xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Que se abre un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais o soliciten mediante un escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes deberán conter:

- Certificado de nacemento ou fotocopia compulsada do DNI.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e Declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2.1 a) da lei 68/80, relativo a " se se atopa inculpado ou procesado".
- Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

Que na Secretaría deste concello pode examinarse o expediente e demandar a información que se precise.

Que, no caso de non se presentar solicitudes, o Pleno do concello elixirá libremente e logo comunicarlle o acordo ao xulgado de primeira instancia do partido.

Publícase isto para coñecemento xeral.

Taboada, 8 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1857
